



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

##### Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 13 de setembro de 2024, sobre cesamento persoal eventual, que textualmente di o seguinte:

“Visto que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 9 de agosto de 2024, acordou resolver definitivamente, entre outros, o procedemento selectivo de Técnico/a Comunicación Audiovisual, nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Marta de Dios Crespo para ocupar a praza número 889 denominada Técnico/a Comunicación Audiovisual, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Comunicación Audiovisual Entrada número 1453, vinculado á citada praza.

Resultando que dona Marta de Dios Crespo vai tomar posesión como Funcionaria de Carreira na praza/posto de Técnico/a Comunicación Audiovisual o día 16 de setembro de 2024, e a solicitude da interesada, propónse á Presidencia da Deputación que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolva:

Cesar, con efectividade do día 15 de setembro de 2024 a dona Marta de Dios Crespo como Asesora Nivel III do Cadro Persoal Eventual, ao ser seleccionada para cubrir como funcionaria provincial a praza número 889 e o posto número 1453 de Técnico/a Comunicación Audiovisual”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a dezaseis de setembro dous mil vinte e catro.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2771

### CONCELLOS

#### LOURENZÁ

##### Anuncio

### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

**Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de agosto de 2024.**

#### EDICTO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 11 de setembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Agosto de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de catro mil corenta euros con dez céntimos de euro (4.040,10€) , tres mil seiscentoscorenta e tres euros con oitenta e un céntimos de euro(3.643,81€) correspondente a dependencia , e trescentos noventa e seis euros con vinte e nove céntimos de euros (396,29€) son de libre concorrencia.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 17 de setembro de 2024.- A Alcadesa, Dª. Rocío López García.

R. 2772

### **MONFORTE DE LEMOS**

#### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓNS FISCAIS 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 02.09.2024 aprobáronse os seguintes padróns Fiscais:

- Taxa pola prestación dos servizos no Cemiterio.
- Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con:
  - a) Escaparates
  - b) Marquesiñas
  - c) Toldos
  - d) Colectores na vía pública
- Taxa por ocupación subsolo vía pública.
- Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro.
- Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.
- Taxa pola instalación de quioscos na vía pública.
- Taxa postos feira.
- Taxa pola utilización do dominio local no mercado ou praza de abastos .

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13.2 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 20.09.2024 ata o día 20.11.2024.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de setembro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2773

---

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

#### **DELEGACION DAS FUNCIÓNS DE ALCALDIA. Expte. 135/2024**

Por resolución de alcaldía nº 2024-0303 de data 17/09/2024 delegáronse as funcións de alcaldía no segundo tenente de alcalde Marcos García Lombardero, dende o día 20 de setembro ao 2 de outubro de 2024 (ambos inclusive) por ausencia de alcalde.

O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1896, de 28 de novembro.

A Pastoriza, 18 de setembro 2024.- O Alcalde – presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2774

---

## POL

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 18 de setembro de 2024, aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social a xornada completa e de duración máxima de 6 meses como persoal temporal ao abeiro das subvencións da Xunta de Galicia para transferencias finalistas para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012, do 16 de marzo e bolsa de reserva. As bases reguladoras estarán expostas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol, así como no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio.

Pol, 18 de setembro de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2775

---

## SARRIA

### *Anuncio*

O día 17/09/2024 o Alcalde do Concello de Sarria acordou o seguinte, mediante Decreto 2024-1538:

#### **Expediente: 46/2023**

**Procedemento:** Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, de unha praza de Director de Banda - Mestre de Escola de Música, Grupo III, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

**DECRETO DE ALCALDÍA**

Con data 11/09/2024 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación da seguinte persoa:

- José Antonio González Rodríguez (\*\*295\*)

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte das persoas propostas.

Considerando que a persoas aspirante proposta presentou a documentación esixida na base xeral 10.2

Visto o anexo de persoal que figura no vixente Orzamento Xeral do Concello de Sarria para o ano 2024, no cal se configura a praza como persoal laboral fixo a xornada completa.

Visto o establecido na base 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Vista a Dilixencia de Conformidade 2024-0317, de data 17/09/2024, emitida pola Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á contratación da seguinte persoa como persoal laboral fixo (Código contrato 100), para ocupar a praza de Director de Banda - Mestre de Escola de Música, Grupo III, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria:

- José Antonio González Rodríguez (\*\*295\*)

**SEGUNDO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es> e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.

Sarria, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2776

---

**Anuncio**

O día 17/09/2024 o Alcalde do Concello de Sarria acordou o seguinte, mediante Decreto 2024-1539:

**Expediente: 50/2023**

**Procedemento:** Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, 8 prazas de Mestre de Escola de Música, Grupo III, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

**DECRETO DE ALCALDÍA**

Con data 11/09/2024 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación das seguintes persoas:

- Manuel Varela Bello (\*\*981\*): Especialidade Piano
- Ana Rodríguez Fernández (\*\*628\*): Especialidade Música e Movemento
- Manuel Montero López (\*\*884\*): Especialidade Clarinete-Saxofón
- Berta Delia Urbay González-Mugica (\*\*058\*): Especialidade Coro
- María Neira Neira (\*\*813\*): Especialidade Fruta
- Gerardo Manuel González Alonso (\*\*092\*): Especialidade Acordeón-Guitarra

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte das persoas propostas.

Considerando que as persoas aspirantes propostas presentaron a documentación esixida na base xeral 10.2

Visto o anexo de persoal que figura no vixente Orzamento Xeral do Concello de Sarria para o ano 2024, no cal se configuran as prazas como persoal laboral indefinido non fixo coas seguintes porcentaxes:

- Especialidade Piano: 80% da xornada
- Especialidade Música e Movemento: 55% da xornada
- Especialidade Clarinete-Saxofón: 55% da xornada
- Especialidade Coro: 20% da xornada
- Especialidade Frauta: 37,50% da xornada
- Especialidade Acordeón-Guitarra: 70% da xornada

Visto o establecido na base 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Vista a Dilixencia de Conformidade 2024-0318, de data 17/09/2024, emitida pola Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á contratación das seguintes persoas, como persoal laboral fixo, na modalidade de fixo-discontinuo (Contrato código 300), para ocupar as prazas de Mestre de Música, Grupo III, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria:

- Manuel Varela Bello (\*\*981\*): Especialidade Piano (80% da xornada)
- Ana Rodríguez Fernández (\*\*628\*): Especialidade Música e Movemento (55% da xornada)
- Manuel Montero López (\*\*884\*): Especialidade Clarinete-Saxofón (55% da xornada)
- Berta Delia Urbay González-Mugica (\*\*058\*): Especialidade Coro (20% da xornada)
- María Neira Neira (\*\*813\*): Especialidade Frauta (37,50% da xornada)
- Gerardo Manuel González Alonso (\*\*092\*): Especialidade Acordeón-Guitarra (70% da xornada)

**SEGUNDO.-** Fixar como período do presente chamamento e período de actividade deste curso escolar 2024-2025 dende o 24/09/2024 ata o 30/06/2025.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es> e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

**CUARTO.-** Indicar que, previa á sinatura dos contratos, as persoas requiridas mediante Decreto 2024-1534 e 2024-1535 deberán dar cumprimento ao establecido nos mesmos e que, en caso contrario, se demorará a sinatura e inicio da relación laboral ata que se de cumprimento aos mesmos, tendo en conta o prazo máximo fixado na base xeral 11.2 e as consecuencias do seu incumprimento.

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.

Sarria, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2777